



No ano 2006, organizouse unha expedición de mostraxe por todo o norte de España que comezou nos Pirineos e rematou en Galicia. O obxectivo foi recoller sementes de especies pratenses de distintos tipos de pastos da metade norte do norte da Península Ibérica. Recolléronse un total de 130 mostras distribuídas en 60 puntos da Cornixa Cantábrica.

Finalmente, os últimos traballos de prospección e recolección leváronse a cabo no 2014, incrementándose o banco con máis de 200 mostras de especies pouco representadas como agróstides, trevo branco e violeta, holco e loto.

En definitiva e como resultado de todo o traballo anterior, hoxe en día consérvase no CIAM unha colección de ecotipos de máis de 2.300 entradas que constitúen a representación de máis de 1.600 xenotipos distintos dun centenar de especies pratenses, sendo o único banco que conserva actualmente unha colección de referencia das zonas húmidas de España en tales especies e o maior referente en Galicia. Ademais hai que ter en conta non soamente o valor xenético, senón o valor histórico desta colección, xa que existen mostras almacenadas que foron recollidas hai décadas, co cal é posible que xa non existan como tal na natureza.

Ata a data os estudos realizados sobre esta colección deron como resultado a creación dalgunhas variedades comerciais con orixe xenética galega, como as variedades de raigrás inglés 'Brigantia' e 'CiamI', a de raigrás italiano 'Pomba', a de dactilo 'Artabro' e a variedade 'Maragato' de trevo violeta.

Recentemente esta colección foi sometida a un exhaustivo proceso de mantemento, que incluíu traballos de actualización de inventarios, probas de xerminación, pesado, e finalmente o traslado a unha nova cámara de almacenamento. Toda a información mantense informatizada e tamén existe un SIX (sistema de información xeográfica). Tamén se centralizou a información de caracterización agronómica existente grazas aos traballos e proxectos de investigación realizados ata a data, e existen datos de caracterización de aproximadamente o 25% do total da colección. Un 20% do total de mostras mantéñense tamén como duplicados no banco do CRF (Centro de Recursos Fitoxenéticos) do INIA.

<http://www.ciam.es/uploads/publicacions/799archivo.pdf>